



ALUMNADO 2º BACHARELATO CURSO 2021 -2022 QUE SUPERE TODAS AS MATERIAS NA CONVOCATORIA ORDINARIA

DOCUMENTOS E TAXAS PARA A SOLICITUDE DO TÍTULO E PARA A AVALIACIÓN DE BACHARELATO PARA ACCESO Á UNIVERSIDADE (ABAU)

UNHA VEZ QUE TEÑAN AS CUALIFICACIÓNS FINAIS, PODEN RECOLLER OS IMPRESOS PARA O PAGO DAS TAXAS NA OFICINA DO CENTRO OU DESCARGALOS DOS ENDEREZOS QUE FIGURAN ABAIXO.

PRAZO PARA A ENTREGA: DO 19 AO 23 de MAIO 2022

DOCUMENTOS E TAXAS TÍTULO DE BACHAREL:

- Orixinal e fotocopia do DNI (actualizado) da/o alumna/o.
- Impreso de TAXAS DE AUTOLIQUIDACIÓN. Este impreso facilítase no centro ou pódese cubrir e descargar da páxina:

<http://www.atriga.gal/es/tributos-da-comunidade-autonoma/taxas-e-prezos/confeccion-on-line-impresos>.

- 1- Taxa ordinaria: **54 €**
- 2- Taxa Familia Numerosa de categoría xeral: **27,03 € (*)**
- 3- Taxa Familia Numerosa de categoría especial: **Gratuíta (*)**

DOCUMENTOS E TAXAS PARA A (ABAU):

- Orixinal e fotocopia do DNI da/o alumna/o (**SEN RECORTAR E NUN FOLIO COAS DÚAS CARAS NO MESMO LADO PARA FACER A COMPULSA**).

- Xustificante de ter aboados os prezos da matrícula, ou no seu caso documentación que acredite a exención. O impreso facilítase no centro ou pódese cubrir e descargar da páxina: <https://ciug.gal/gal/abau>.

Se se descargase de CIUG imprimir por triplicado (despois de facer o pago na entidade bancaria, una copia quedará alí, outra é para entregar no centro educativo xunto coa outra documentación e a terceira para a persoa interesada).

- Formulario de solicitude da vía ou vías de acceso polas que se concorre á ABAU (facilitado no centro que tamén se pode cubrir e descargar na páxina: <https://ciug.gal/gal/abau>.

- 1- Taxa ordinaria: **63,67 €**
- 2- Taxa Familia Numerosa de 1ª-2ª categoría xeral (*): **31,84 €**
- 3- Taxa Familia Numerosa de honra categoría especial: **Gratuíta (*)**

(*) O alumnado que pertenza a Familia numerosa deberá presentar no momento da matrícula fotocopia do libro de familia numerosa ou carné, actualizados.

Serán beneficiarios de **matrícula gratuíta** da ABAU:

- **O persoal das universidades de Galicia os seus fillos, así como o seu cónxuxe ou persoa con análoga relación, deberán acreditar a súa vinculación á universidade mediante certificación dos respectivos Servizos de persoal, e, no seu caso, ademais por medio da fotocopia do libro de Familia. A situación que dá dereito a axuda deberá estar vixente no momento da matrícula.**

- **Persoas con discapacidade (maior ou igual ao 33%), vítima de acto terrorista ou vítimas de violencia de xénero terán que acreditar estas situacións coa correspondente resolución administrativa pola que se reconece esa condición e deberán presentala necesariamente no prazo de matrícula fixado para que teña eficacia.**

Consultar en: <https://ciug.gal/gal/abau> información sobre o protocolo de normas de acceso, material permitido, etc..